

BAR BAHAR — ENTRE DOUS MUNDOS

[Maysaloun Hamoud, 2016]

171

ESTREA EN NUMAX: 25.10.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

Bar bahr (2016, 96')

Dirección: Maysaloun Hamoud

Guión: Maysaloun Hamoud

Reparto: Mouna Hawa, Sana Jammeliéh, Shaden Kanboura, Mahmud Shalaby, Riyad Sliman

Dirección de arte: Caroline Barton

Son: Neal Gibbs

Música: Mg Saad

Fotografía: Itay Gross

Produtora: DBG (Israel), En Compagnie Des Lamas (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Hebreo, árabe

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2016 (premio TVE Otras Miradas, Xurado mozo e Sebastien),
Toronto 2016 (premio NETPAC)

FILMOGRAFÍA

Sense of Morning, 2010
[curtametraxe]

«Chamada de atención sobre a figura feminina na colonizadora sociedade israelí, encaixonada entre a moderna occidentalización e o Próximo Oriente máis tradicional»

David González, CINEUROPA

SINOPSE

Salma, Laila e Nur non encaixarán nunca. Palestinas con pasaporte israelí, optan por vivir unha vida de liberdade en Tel Aviv, lonxe dos seus lugares de orixe. As tres buscan o amor, pero como mozas palestinas axiña se decatarán de que unha relación escollida por elas non é algo facilmente acadábel. Terán que elixir o seu lugar no mundo, sexa na cidade ou nos seus pobos.



BAR BAHAR — ENTRE DOUS MUNDOS

[Maysaloun Hamoud, 2016]

“Bar Bahar comeza coa rebelión das primaveras árabes”

Entrevista con Maysaloun Hamoud
Por Lander Bergés

Como nace Bar bahar — Entre dous mundos? Primeiro fixen varias curtametraxes onde pode verse a semente do filme. Este proxecto leva xestándose cinco anos, coceu a lume lento, tentando facer o correcto. Como directora queres deixar moito de ti no filme, atopeime con moitos retos para crear esta cousa tan tola. Mais cando cres na túa arte só precisas traballar e traballar.

A idea comezou coa rebelión das primaveras árabes. Somos unha nova xeración e eu a pesar de ser palestina vivín iso como a miña realidade. Sentiamos que estabamos conectados con todo o que estaba a pasar porque internet derruba todas as paredes. Sentiámonos igual ca eles, ese espírito filtrouse dentro de Palestina e díxennos: é o momento de facer algo diferente. Só teño que capturar a emoción e poñela fronte á xente.

Na longametraxe atopámonos con tres mozas de realidades completamente diferentes. Laila é a profesional liberal globalizada que podería estar a vivir en Nova York tranquilamente, mais é da única que non nos amosan as súas orixes. Por que? Laila é a nosa alter ego, a ela dálle igual o que pensen os demais, non amoso a súa familia porque non quería mostrar un *background*, non quería que a súa orixe foise moi específica para que calquera se puidera identificar con ela. Non sabemos se é musulmana, cristiá... sabemos que lle gusta vivir. Laila somos todos.

A música é moi importante no filme, con ela mergullámonos directamente nun ambiente. Por que elixiches a música techno árabe? Sana, a actriz que fai de lesbiana DJ, ensinoume a manexar

a mesa de mezclas e empecei a practicar con ela. Esa é a música da nosa vida, é a banda sonora que escoitamos nas nosas festas. O autor da maioría das cancións non o podo nomear porque podería materme en problemas. Traballei tamén con bandas que tocan nas nosas festas... estou a facer unha playlist para pendurala en iTunes. Internet é a bomba para isto, agora podemos saber que se escoita alén do muro. Dá igual que non queiran que nos contaminemos, nosoutras queremos bailar.

Ao principio do filme Laila toma drogas para se divertir, mais ao final parece que o fai para se evadir da realidade... Amólame cando alguén di iso. Porque todas sabemos que as drogas fan parte da noite e a festa e non o facemos para nos evadir de nada, nin para perder a conciencia. Laila quere ser ela mesma, divertirse e mandar a todos á merda.

Falemos do casting. Como foi elixilas, foron difíciles de atopar? Houbo moitos retos, un dos máis complicados foi o casting. Eu quería facer un filme real cada fodido minuto así que sabía que non ía contar con moitas actrices. Tampouco é que puidese elixir entre moitas. A pesar de que creo que calquera pode actuar se está ben dirixido. A personaxe lésbica é real e dixo que si axiña. Mais atopar a Laila non foi doado, porque a pesar de que os filmes son ficcións, as actrices teñen medo a representar este personaxe. É absurdo, mais tiñan medo de que a xente ou as autoridades confundisen traballo actoral e realidade. Non querían que se lles relacionase con esta caste de personalidade. Algunhas aceptaban e segundo chegada a hora de comezar a gravar ou lían o guión botábanse para atrás.

Publicado en <https://premiosebastiane.com/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***El miedo a la modernidad*, Fatima Mernissi.**
Ediciones de Oriente y el Mediterráneo, 2007
***Mustang*, Deniz Gamze Ergüven.**
A Contracorriente Films [BluRay]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME